



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/gao-psicologia



Grao en Psicología



www.usc.gal



Psicoloxía

O título de Grao en Psicoloxía ten como obxectivo a formación, a un nivel xeral, de profesionais cos coñecementos científicos necesarios para comprender, interpretar, analizar e explicar o comportamento humano, e coas destrezas e habilidades para avaliar e intervir sobre el no ámbito individual e social.

Tipo Presencial

Área Ciencias da Saúde

Centro Facultade de Psicoloxía
decanato.psicoloxia@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/grao-psicoloxia

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 150

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos:

- 60 créditos de formación básica
- 129 obrigatorios
- 33 créditos optativos
- 12 de prácticas externas (obrigatorios) e
- 6 do traballo de fin de grao.

Mobilidade

A mobilidade dos e das estudantes está rexida polo “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (convenio bilateral).

Realízanse a partir de 2º curso, en períodos dun semestre ou de todo o curso; é necesario acreditar un nivel mínimo do idioma do país de destino. Cóntase con convenios de intercambio con universidades europeas e latinoamericanas.

Prácticas

As prácticas externas se organizan nunha materia (Prácticum) de 12 créditos que se cursa no último semestre do Grao. Supoñen un contacto inicial coa práctica profesional, sempre baixo a tutorización directa dun psicólogo ou psicóloga en exercicio.

Realízanse en centros e servizos de atención psicolóxica, públicos, privados e asociativos, cos que a Facultade ten convenios. Cobren a práctica totalidade dos eidos profesionais da psicoloxía: centros e servizos educativos, de maiores, de saúde mental, de intervención social e comunitaria, de drogodependencias, penitenciarios, de mediación familiar, deportivos, de recursos humanos, etc.

Acceso a posgraos e outras saídas profesionais

O Grao en Psicoloxía é requisito para acceder ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, (que habilita para o exercicio no ámbito sanitario); ao Máster en Psicoloxía (que inclúe unha Especialidade en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria, e unha Especialidade en Psicoloxía Experimental), e ao Máster en Psicoxerontoloxía, ofertados neste momento na Facultade. Tamén dá acceso a outros másteres nos ámbitos da educación, as neurociencias, etc., que se imparten na USC. É indispensable para concursar ás prazas de Psicólogo Interno Residente (PIR) que habilitan para obter á Especialidade en Psicoloxía Clínica.

